

A Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Camariñas abre a inscrición para a solicitude de **cursos preparatorios de galego** niveis **Celga 1, Celga 2, Celga 3 e Celga 4.**

Estes cursos preparan ó alumnado **para presentarse ás probas oficiais de galego da Xunta de Galicia.**

Os cursos son de **carácter gratuíto** e duran **70 horas.**

Lembramos a todas aquelas persoas interesadas que as certificacións de lingua galega son obrigatorias para presentarse a algúns procesos selectivos da administración autonómica e local como as listaxes de vinculacións temporais da Xunta de Galicia e noutros casos eximen de presentarse ó exame de galego como nas distintas oposicións da Xunta de Galicia, Sergas, prazas en administracións locais, listas de Seaga ...

Para poder imparti-los cursos é obrigatorio a inscrición como mínimo de 20 persoas por curso e a súa realización queda supeditada á concesión por parte da Xunta de Galicia do permiso correspondente. No caso de realiza-los cursos estes desenvolveríanse entre os meses de marzo e maio de 2013.

Información e inscrición:

- Edificio Casa de Pedra
- Horario: De luns a venres de 08:00 a 15:00 horas
- Teléfono: 981 737 004 / 653260746
- E-mai: mseijas.desenvolvemento@camarinas.net
- Persoa de contacto: Axencia de Desenvolvemento Local

Prazo de inscrición: Ata o 23 de xaneiro ás 15:00 horas

EQUIVALENCIAS DOS CELGA COA FORMACIÓN REGRADA

A nova orde de validacións (de 16 de xullo de 2007) establece:

1. Serán validables polo Certificado de lingua galega 1 (Celga 1):

Certificado do curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia.

Certificado de curso de lingua galega para non galego-falantes impartidos polas universidades galegas, ata a entrada en vigor desta orde.

Certificado do nivel básico dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

2. Serán validables polo Certificado de lingua galega 2 (Celga 2):

O título de graduado escolar, sempre que se estudase toda a EXB ou primaria en Galicia e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos.

O certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor desta orde.

Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor desta orde.

3. Serán validables polo Certificado de lingua galega 3 (Celga 3):

O título de graduado en educación secundaria obrigatoria (ESO) ou técnico auxiliar (FP1), sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.

O certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.

4. Serán validables polo Certificado de lingua galega 4 (Celga 4):

O título de bacharelato (LOXSE ou BUP) ou técnico de FP2, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de maneira oficial a materia de lingua galega en todos os cursos